

Limiar

Carlos Solla

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SOLLA, CARLOS (2011 [2002]). “Limiar”. En Luis Luna e Óscar Curieses, *Igniciones*. Madrid: Asociación Celso Emilio Ferreiro, 5-11. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1204>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SOLLA, CARLOS (2002). “Limiar”. En Luis Luna e Óscar Curieses, *Igniciones*. Madrid: Asociación Celso Emilio Ferreiro, 5-11.

* Edición dispoñible desde o 21 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

LIMIAR

[AO LIBRO DE LUIS LUNA E ÓSCAR CURIESES *IGNICIÓN*S, 2002]

Carlos Solla

*Así me trae Artemisa
O breve verbO
Émulo de lumE*

(G. Navaza, 1992)

Anaxímenes, o milesio, bosquexou as orixes argüindo o ar como principio de todas as cousas; a partir deste elemento deviron a auga e a terra por condensación e o lume por rerefacción, xerándose en ciclos infinitos.

Xa reina o primeiro dos catro piarez que sosteñen a bóveda elemental, xa libamos con degoiro dos *Hidroemas*¹: *La más alta bondad es como el agua./La bondad del agua consiste en beneficiar todas las/cosas, sin preferencia./Permanece en sitios que todos desdenan./Por ello, está cerca del Tao.*² Deixámonos abalar, argazo, polo seu mar enteiro, creado a enxurradas de auga e palabras³ e, no remate, entregamos o inerte á ribeira lírica do seu Ganxes: *Dende o centro do universo/sonche o útero cóncavo/guindado nun líquido amniótico/cara ós ocos rosados.*⁴

Ollos afortunados, tralo pouso, aviemos arrestora a nosa alma, dispoñamos o entendemento, prosigamos a viaxe do vimbio no revirado tecer do paxe cosmogónico.

IGNICIÓN: epopea do segundo piar.

Pentecostés

Acontecerá nos derradeiros días –fala Deus–, que derramarei o meu Espírito encol de toda carne, e profetizarán os vosos fillos e as vosas fillas, e os vosos fillos mozos verán visións, e os vosos anciáns soñarán soños. E encol dos meus servos e encol das miñas servas derramarei, naqueles días, o meu Espírito, e profetizarán. E farei prodixios arriba no ceo e sinais abaixo na terra, sangue e lume e nubes de fume. O sol tornarase tebras e a lúa sangue antes que chegue o día do Señor, grande e manifesto. E todo aquel que invoque o nome do Señor, hase salvar (Act. 2, 17-21)

¹ Luna, L. M. e Curiezes, O. A.: *Hidroemas*, Acef, col. O Roibén, Madrid, 2000.

² Lao Tse: *Tao te King*, Edicom., Barcelona, 1994, páx. 49.

³ Acuña, A.: *A vida co petar das ondas*, limiar á primeira edición de *Hidroemas*.

⁴ Versos do hidroema *Descenso na montaña rosa*, páx. 18.

[6] ¡Loanza a ti, vate esolleito! ¡Albízaras, privilexiado atinxidor da verba profética!

Bosquexas, poeta *Lunacurieses*, coa tintura dos soños, o fosfeno, a faísca, a lapa orixinal; acochas, alma críptica, o segredo da chispa, o paradoiro do seixo treboento. Aniña, perdurable, na crista do outeiral, obradoiro do vento, a lingua de lume da túa elocuencia. Únxesnos, meigo *Lunacurieses*, co mel dos astros enigmáticos, ofrécesnos a ablución da forxa, a oblea da *ignición*, do lume primixenio; engaiólasnos coa circunvolución doente do teu zodíaco: *En toda boca o serán faise día/tralo bautismo dunha lúa rubia.*

Nós, criaturas mansas e medorentas, albiscamos o vieiro cara á luz, osmamos as sombras, entregamos o artificio alado ó relento da noite, mais é a vosa arte esotérica, bardo bicéfalo, senlleiro cadasfalso: *Da túa ollada ambigua, xa despois/descoserei esas foxas tan antigas/que nos desfán a area entre as mans,/á superficie esteril do sudario.*

Perante o espectro demiúrxico, inscritos no círculo lítico, fronte a esencial divindade que nos abrangue e acouta, agardamos polo saboroso latín das certezas: *Arxila a súa carne un ceo azul/non se detén en voces encarnadas/senón que tinxe a lama cos bramidos. Pequerrecha e fráxil humanidade de barro cocido: O oficio de cacharreiro/é oficio nobre e bizarro:/Deus o primeiro cacharreiro,/o home o primeiro cacharro.*⁵

San Xoán

*Chimpo por riba
do lume de San Xoán
para que non me trabe
nin cobra nin can.* (Popular)

Entregámonos, devotos fregueses, á ritualidade ígnica: *tizón de Nadal ou lume novo, festas das candeas, lume de abril, fogueiras de san Xoán, magostos, folións..., e arredor da larada, escoitamos sen pestenexo a transmisión da sabenza tribal: O lume estaba no sol, pero ningún ousaba subir para traelo á terra. Un paxariño, un paporrubio, ofreceuse a ir.*

O sol advirtiulle do perigo de se queimar e perde-la viaxe; cando o paporrubio volvía co fachico no seu peteiro, ardéronlle as plumas do peito e da gorxa. Por iso leva esa cor no papo: lume no peito.

[7] Para reparala perda das plumas, cada un dos demais paxaros, solidarios coa luz, déronlle unha pluma.

*A coruxa, cómplice das tebras, non quixo facelo; os demais paxaros negáronlle o de-reito a voar de día e, cando o intenta, rodéana obrigándoa a se agachar.*⁶

Arquitectura do lume: lareira, lumieira, cambota; lume feraz: Cernadas, Cadaveira, Queimadelos; lume destructor; cachopa, chamizo, serra de lume; espada de deus, o raio. Fogo fatuo, corpo vivo o corpo quente, fogo ardente, lume de san Telmo, faquir, moxenas da pedra de afiar, oráculo: *A túa quente lingua espera a loita/divino heraldo que abraia o home/caído alá onde o sol azul pereza.*

Lectura ebria da colleita, éxtase do vago, apoteoso da videira: *Sobre a sucada aberta das copelas/descosíase o viño ainda puro/na desvestida fame dos axeitos:/desfeita poza do esgotado sol.* Testemuño do terror supersticioso de hostes conqueridoras: *Un autor clá-*

⁵ Copla popular, in García Alén, A.: *A alfarería na literatura popular galega*, Galaxia, Vigo, 1980, páx. 9.

⁶ Chao Rego, X.: *O misterio do lume*, Sept, Vigo, 1985, páxs. 11 e 12.

sico, Floro, conta como as lexións de Décimo Xuño Bruto, ó chegaren ás praias de Galicia, viron con “relixioso horror” o solpor no curvo horizonte do Océano vibrante e poderoso [...] No ignoto mar, o sol era tragado, e, nas praias douradas, viña morrer ritmicamente, a ampla ola da inexplicable marea.⁷

Facho

Ergue, senlleira, a súa rexia anatomía arrestada sobre un outeiro espido ó que a penas chega o ruxe-ruxe da cidade á que a súa orixe mítica adxectiva, asolagado polo fragor do mar bravo, inabarcábel e decote sobrecolledor. Superando adversidades, foi testemuña e escenario de batallas, ambicións, fazañas, soños. Anque renovado, é tan vello, que ningúen discute a súa condición excepcional de faro máis antigo do mundo [...] O xigante protexido dos deuses acendeu o lume que avivou Breogán e perpetuou Roma polos séculos dos séculos. (F. Pablos, 1993)

O signo fatídico da lúa moura gravado a lume no lombo das greas de Xerión, xigante pegureiro, reza asemade no perpíano do torreiro, e a cada volta, a culler de luz remexe a noite que ferxe: *Camiña lingua, armela do silencio/naves que non serán naves mariñas/senón corais entreabertas, xa plantas,/algas que agochan mans que foron peixes.*

É a lumieira de rotunda chiscadela, irmá xemelga do alustro, e so a [8] hipnose do valse ciclópeo, o xiz de luz debuxa o escorzo, o espasmo, o bravío da sensual comuñón das sofraxes, a pirexia: *Los dioses de la tormenta golpean la tierra con “piedras de rayo”, tienen por insignia el hacha doble y el martillo; la tormenta es el signo de la hierogamia cielo-tierra [...] En relación directa con este simbolismo sexual, habremos de recordar las múltiples imágenes del Vientre de la Tierra, de la mina asimilada al útero y de los minerales emparejados con los embriones, imágenes todas que confieren una significación obstétrica y ginecológica a los rituales que acompañan los trabajos de las minas y la metalurgia.*⁸

Xeme a terra xovenca, renxe, rincha, salouca; ampea o boi trebón, fende, regaña, parte: *pasa o gume do ceo pola natura perfecta, do trinque; e sente o boi como se molla por dentro: vai por derradeira vez. Afinca os pés traseiros. Rompe a freba do xamón e doe, sangran as xuntas.*⁹ Magma lizquente abrocha dos cráteres, alivio plutónico: *Húmido libra no alto as súas cinzas/e incendia líquido nos gozos ígneos/unha ancestral e tormentosa marxe/de pel paupérrima.*

Mouros

Os mouros son un dobre simbólico dos campesiños, cos que expresan cousas como o concepto de humanidade: o mouro é o non humano; o de alteridade: o mouro é “o outro” por definición; a idea da muller: a moura é moi atractiva, rica e laboriosa, pero extremadamente perigosa. Polo tanto, os mouros non poden facer referencia a nada alleo ó mundo campesiño galego, senón que expresan o que lle é más peculiar e ademais é preocupante ou conflictivo. (M. Llinares García, 1990)

⁷ Otero Pedrayo, R.: *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, Galaxia, Vigo, 1982, páx. 17.

⁸ Eliade, M.: *Herreros y alquimistas*, Alianza Editorial, Madrid, 1990, páxs. 30, 32 e 33.

⁹ Vázquez Pintor, X.: *A memoria do boi*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2002, páx. 15.

No Couto de Lourido hai un tesouro grandísimo. Hai unha trabe de ouro e outra de alquitrán. Se chegas á de ouro, faste rico; mais se vas dar á de alquitrán, entón ármase un lume que arde todo en cen leguas á redonda. (V. Risco, 1925)

Cando Deus pestenexa, rebole o reboleón; cando Deus adormece, estarrícase a xistra no monte do Seixo: *Deus/tamén derruba o ollo do baleiro.*

Procura, viaxeiro, a soidade do *país de terra adentro*, sexa a peneda do Castro, no solombo do Cando, a túa Ítaca; estiña o enigma da trabe candente, xungue a túa natureza mortal coa mítica de longas e loiras guedellas, aseñoréate do ricaz tesouro solar en moeda miúda: *as fadas [9] están en toda a súa fermosura gardando o tesouro, e en moitas ocasións o encanto pende en que o que chega a onde está o tesouro ten que decir qué quiere millor; si o casamento coa fada ou o tesouro, e si di que o tesouro, a fada desaparez da súa vista e o avaricioso non atopa o tesouro por muito que o procure. Pro si prefire a fada e o seu amor a tódalas riquezas do mundo, entón faise co tesouro e algunas veces tamén casa coa fada.*¹⁰

É moura a túa estirpe, ¡ou mestre Lunacurieses!, ou *buxa de arria xida!*, a feraz enchente dos teus versos, a congostra teimosa, o carreiro raposento da túa arte é marca de arghina vello, é fábula dos arcanos praceres, é nova de alén mundo: *¿Que me derruba o ollo polo ollo/cando nos beizos brotan as espigas?/Tal vez un sol de mouras costas durma/o seu campo fértil na borralla/dentro dun alma que pasou -¿polo onde?-/como a nada pasa calquera cume.*

Sísifo

Botado ós infernos [...] condenóuselle a un suplicio que se fixo célebre. Consistía en subir un enorme penedo ata o cume dunha montaña sen acadar asentalo, pois ó chegar alí caía de novo cara a abaixo. (F. Caudet Yarza, 1998)

Lunacurieses, poeta próximo, nesta *liturxia cíclica de bicos/onde se entregan xuntos hostia e cáliz*, achámonos postrados: *¡Cada vez decimos: ¡Adiós!/para volver!/-Y quién eres tú, di?/Yo soy la flor vakul./-Y quién eres tú, di?/Yo soy la flor parul./-Y quiénes sois vosotras?/Somos flores de mango, desembarcadas en la ribera/de la luz./Nos despedimos riendo cuando el tiempo nos llama./Nos echamos en brazos de lo que siempre vuelve.*¹¹ Nesta perdurable peripecia, cativo da habelencia visionaria, pousada, merlo branco, nas abas de Outeiro do Cogholudo, vémonos coma coio ceibo pola Ghalghareta abaixo, fuxindo espaventados do noso centro de gravidade, coma alma que leva o demo: *Se permaneces morres permaneces/xaces cravado no celeste seo/mais a face enterras coa pedra/nesta caída libre dos réprobos.* Somos eternos en ti, poeta, e a nosa infinitude chove, pinga a pinga, neste teu *opus incertum: Todas las cosas viven y resplandeden en el conocimiento del día y la majestad de la noche. Tú y la piedra sois uno; la única diferencia está en los latidos del corazón. Pensarás, amigo mío, que tu corazón late un poco más deprisa. Sí; pero no está tan tranquilo como el de la piedra.*¹²

¹⁰ Cunqueiro, A.: *Tesouros novos e vellos*, Biblioteca de autores galegos, Vigo, 1991, páx. 40.

¹¹ Tagore, R.: *Canción de la juventud eterna* in *Ciclo de la primavera*, Felmar, Madrid, 1981, páx. 95.

¹² Gibran, K.: *El jardín del Profeta*, Edicom., Barcelona, 1994, páx. 105.

[10] Cinza

Tiña o tamaño dunha aguia, coas plumas rubias, azuis, púrpura e brancas, e en canto á beleza superaba a do pavo real. Cando a ave ventaba a súa fin, formaba un niño con plantas aromáticas que eran consumidas polos raios do sol. Da cinza do Fénix nacía un verme ou un ovo de onde saía o novo Fénix. (F. Caudet Yarza, 1998)

Fillo dun sol, loado Lunacurieses, xograr expiatorio: Khayyám, cosiendo las tiendas de la Sabiduría, cayó en la hoguera del dolor y fue convertido en cenizas. El ángel Azrael separó las cuerdas de su tienda. La Muerte ofrendó su gloria por una canción.¹³ Non é posíbel o retorno Tonton-Macoute, menciñeiro bokor: Porque xa viches o triunfo azul da cinza/deixas con paso cego as achas,/naces a herba entre altísimas lápidas. Bruxo Lunacurieses, neutraliza este wanga “anghinido” que nos somete, batéanos con auga de Xangó, salutífera, vivificadora; entrégate, bonzo, cristiño, por nós; esparéxete cal carrelo á ventamia: E ti non soñas, non, acordas/ao inmolar as culpas do teu froito.

Prometeo

Tales foron as palabras que, ó se irritar; pronunciou Zeus, o coñecedor dos decretos eternais: e no sucesivo [...] deixou de proporcionar a forza do incansábel lume ós infelices mortais que viven sobre a face da terra. Mais o nobre fillo de Xapeto enganouno, roubando en oca férula a chama [...] o incansábel lume; e aguilloulle o ánimo a Zeus altitonante, o seu corazón irouse ó advertir entre os homes a ígnea chama visíbel a distancia. (Hesíodo)

Detido amanuense, dador de luz, abrente limpo sobre a noite dos pergameos: Somos el escaldo, el oráculo, el monje y el caballero, los/incluimos fácilmente y más aún,/Permanecemos en medio del bien y del mal/Todo gira alrededor nuestro, hay tanta oscuridad como luz,/El mismo sol y su sistema planetario giran alrededor nuestro.¹⁴ Lingua de lume encol das nosas testas, cacharela purificadora, coloso guiador, a “outra” maxia de áureas crechas, pedra de gran, extirpada do ventre da Terra; rotación de vermello de lúa e marea vivísima, ladrón da semente de eclipse e semente mesma: Non teme o sol estenderte o corpo/neste baleiro da memoria e verque/costuras húmidas, esfola apertas/como os paxaros agardando vida/xunto ao altar.

Só a rentes do fantasma bailón, pendurados da gramalleira, a nosa morna [11] existencia finca confiada as dormentes; latexamos e impa o réptil; a túa verba-isca estala en muxicas de luz e calor; moradores da face oculta, o traxe sangra orfo da súa cortiza.

¹³ Khayyám, O.: *Rubaiyat*, Edicom., Barcelona, 1994, páx. 32.

¹⁴ Whitman, W.: *Hojas de hierba*, Edicom., Barcelona, 1994, páx. 140.